

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

**Lugar:** sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

**Data:** 11 de maio de 2023

**Hora de comezo:** 12:00 h

**Hora de remate:** 14:10 h

### ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

Joaquín Collazo Rodríguez (director da Área de Calidade)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus Mar)

Juan Jesús Rico Fuentes (alumno)

Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

### INVITADOS

## ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da presidencia
3. Análise e validación do informe de acreditación dos programas de doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento, e en Creatividade e Innovación Social e Sostible
4. Validación, se procede, das memorias de modificación de programas de doutoramento
5. Validación, se procede, das memorias de verificación de novos programa de doutoramento
6. Informe dos resultados da enquisa de satisfacción dos estudantes de doutoramento do curso 2021/22
7. Validacións dos modelos para realizar informes previstos en determinados procesos do SGC, para transmitir ás CAPD
8. Rolda aberta de intervencións

## DELIBERACIÓNS

### **1 Aprobación, se procede, das acta da sesión anterior**

Apróbase por asentimento a acta do 19/12/2022.

### **2 Informe da presidencia**

O director da EIDO informa sobre:

- Verificación e Modificación dos programas para implantar no 2023/24: O PD en Nanociencia e Biomedicina recibiu por parte da ACSUG un informe provisional e ten ata o luns 15/05 para enviar as alegacións. O programa a implantar no 2024/25 preséntase no punto 5 e as modificacións no punto 4.
- Renovación de acreditación: ata o curso 21/22 o proceso está rematado. As acreditacións correspondentes ao curso 22/23 preséntanse no punto 3.
- Seguimento 21/22: chegaron os informes de seguimento realmente tarde (PD Auga, sustentabilidade e desenvolvemento, e PD Creatividade e innovación social e sustentable). Presentáronse alegacións e xa recibimos os informes definitivos. Respecto ao curso 22/23 faltan os datos da USC que tivo un problema informático. Farase outra comisión a finais de mes para aprobar estes informes.
- SGC: situación do sistema: xa están rematados todos os procesos. Estase a probar a nova ferramenta de rexistros. A fin de mes realizarase unha formación aos coordinadores/responsables de calidade sobre o SGC en xeral e sobre o documento do punto 7 en particular
- Xornada de acollida aos estudantes de doutoramento: celebrouse o 12 de abril de 2023 no Edificio Miralles, sala 1. Fixéronse dúas presentacións, a primeira destinada a novos estudantes e a segunda á presentación e depósito da tese.

No descanso, tivemos mostradores informativos de diferentes servizos da UVIGO. En formato aberto para consultas no vestíbulo do edificio Miralles: Centro de Linguas, Residencia Universitaria, Bolsas, Emprego, Asociación de Investigadores APIUVigo, Oficina de Relacións Internacionais (ORI), Biblioteca, Escola Aberta, Cultura, Deportes, Igualdade, Voluntariado, etc.

- HR: renovouse o selo HR trala visita da comisión avaliadora externa.

### **3 Análise e validación do informe de acreditación dos programas de doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento, e en Creatividade e Innovación Social e Sostible**

Respecto da proposta do Programa de Doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento, a Comisión de calidade acorda por asentimento validar o informe de acreditación, coas seguintes consideracións:

- No apartado 2.2 é mellor concretar as datas nas que recibíuse o informe de seguimento.
- Falta un plan de melloras. En cada apartado debe analizarse se todo é correcto ou se hai que mellorar algo. Nese segundo caso hai que incluír un plan de melloras

Respecto da proposta do Programa de Doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sostible, a Comisión de calidade acorda por asentimento facer as seguintes consideracións e que envíen un novo texto para ser validado na próxima Comisión de Calidade:

- O período avaliado remata no curso 21/22. En partes do texto, sobre todo en relación coas teses, di curso 20/21, que é o que incluía o seguimento. Calculan 3 teses no período.
- Hai demasiadas páxinas. Por exemplo, 8 páxinas de artigos de estudantes que estarán na táboa 5. Moita información sobre proxectos que irían na táboa 3. E moitas gráficas que non dan información extra e que están nos indicadores. Os revisores non adoitan gustar tanto contido.
- E faltan avaliacións que conduzan ao deseño dun plan de mellora. En cada apartado hai que analizar se todo é correcto ou se hai algo que mellorar. Neste segundo caso, deberá incluírse un plan de mellora sobre como se levará a cabo a mellora.
- Respecto da páxina 2, que di que a finalidade é que os doutorandos e titulados publiquen partes das súas teses en revistas indexadas, o obxectivo debería ser a realización de investigacións de calidade que permitan a súa publicación.
- En canto ás liñas de investigación, o máis importante é calcular a relación entre o profesorado adscrito á liña e o alumnado matriculado nela.
- Para o profesorado deberá xustificar a razón de estar no programa. Se dirixen ou titorizan teses ou realizan actividades formativas ou dirixen proxectos. Os que non estean neste grupo e non cumpran os requisitos teñen que xustificar moito para continuar no programa.

-----

Tamén apróbase por asentimento validar a proposta de verificación do PD en Contabilidade (Universidad de Burgos (coordinadora), Universidade de Vigo, Universidad Autónoma de Madrid, Universidad Pablo de Olavide, Universidad de Cádiz.)

#### **4 Validación, se procede, das memorias de modificación de programas de doutoramento**

Apróbase por asentimento validar as dúas memorias de modificación dos PD en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables (modificación non substancial) e en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na I Industria (modificación non substancial) cun pequenos comentarios que se lles enviarán por correo electrónico.

#### **5 Validación, se procede, das memorias de verificación de novos programa de doutoramento**

Respecto da proposta do Programa de Doutoramento en Contabilidade (Universidad de Burgos (coordinadora), Universidade de Vigo, Universidad Autónoma de Madrid, Universidad Pablo de Olavide, Universidad de Cádiz), a Comisión de calidade acorda por asentimento facer as seguintes consideracións e que envíen un novo texto para ser validado na próxima Comisión de Calidade:

- Falta a táboa do profesorado e as liñas de investigación
- No 1.2, 3.1 e 3.2 hai unha confusión entre acceso e admisión. A titulación dáche acceso e onde podes fixar os requisitos sobre as titulacións prioritarias é na admisión
- Estamos moi sorprendidos de que entre as titulacións prioritarias non haxa ningunha da Uvigo. Isto non só afecta á admisión, senón tamén aos complementos de formación. Non pode ser que un alumno que se matricule con nós non poida facer os complementos formativos. Vigo ten que entrar en pé de igualdade co resto de universidades.
- Outros aspectos que faltan pero que non son tan importantes
  - No 1.2 mencionan 5 grupos de investigación e logo mencionar 4 e no 3.2, 10 prazas totais e hai 8
  - Hai que eliminar frases explicativas en cada apartado
  - Falta a estimación das taxas no apartado 8
  - No 1.3 faltan as linguas na UAM e o galego en Vigo
  - Na maioría dos apartados só se dá información da Universidade de Burgos.
  - É estraño pedir un B2 en inglés para entrar no programa e tamén facelo ser un requisito para presentar a tese
  - No punto 4 debería haber accións de mobilidade para congresos e estadias
  - Ademais, como cuestión menor, a UPO aparece mencionada nos complementos de formación. Ou é un erro ou é que a Universidad Pablo Olavide deuse de baixa.

## **6 Informe dos resultados da enquisa de satisfacción dos estudantes de doutoramento do curso 2021/22**

O subdirector da EIDO informa sobre os resultados da enquisa de satisfacción aos estudantes en primeiro e terceiro ano no curso 2021/22.

### 1 Participación

A taxa de participación aumentou do 48% ao 52% en 1º ano (175/333), e diminuíu lixeiramente do 50% ao 49% en 3º ano (118/249). Mantéñense en valores históricos relativamente estables.

Non se produciron incidencias de non resposta por mor da carga dos datos da poboación.

Por programas, 32 dos 39 PD en 1º ano e 12 dos 38 de 3º ano superan o 35% de participación.

Destacan, en 1º ano, MACV, Xeotecnoloxías, Protección do Patrimonio, Química Teórica, Tecnoloxía Aeroespacial e Investigación en Tecnoloxías e Procesos; e, en 3º ano, Láser, Equidade, Comunicación, Estatística e Física Aplicada

### 2 Satisfacción

A tendencia á mellora estabiliza (4,15 en 1º e 3,97 en 3º), ambos os dous por riba do obxectivo de calidade (3,70).

Por programas, 7 PD en 1º e 5 en 3º quedan por debaixo do obxectivo, polo que se dá unha gran homoxeneidade. Só dous PD están por debaixo de 3 (Ciencias Mariñas en 1º e Eficiencia Enerxética en 3º). Estudos Lingüísticos, Láser, Educación Deporte e Saúde, Estatística e Ciencia e Tecnoloxía Química en 1º e Sistemas Software, Ciencias do Deporte e educación física, Estudos Literarios e Métodos Matemáticos en 3º

Por temáticas, os aspectos mellor valorados son a dirección e titorización da tese (4,6/5), tanto en 1º como 3º, e os que quedan por debaixo do obxectivo son, de novo, a info sobre bolsas/contratos (1º e 3º), e a orientación profesional (non chega a 3), así como os trámites administrativos (3,4/5 en 3º).

## **7 Validacións dos modelos para realizar informes previstos en determinados procesos do SGC, para transmitir ás CAPD**

O subdirector da EIDO informa sobre os documentos presentados. En varios procesos do SGC é necesario xerar documentación para ter información anual da

evolución dos programas de doutoramento, analizar os seus resultados e xerar dinámicas de mellora.

Tras varias intervencións e suxestións de pequenos cambios, válídanse os modelos de informes.

O subdirector informa que antes de fin de mes, darase formación aos coordinadores e responsables de calidade dos programas para que teñan mais información sobre o que se lles pide.

Os resultados os analizará unha Comisión de Calidade da EIDO.

## **8 Rolda aberta de intervencións**

Non hai.

## ACORDOS

- 1 Valídase o informe de acreditación do PD en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento
- 2 Valídanse as memorias de modificación dos PD en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria e en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables.
- 3 Valídanse os modelos para realizar informes previstos en determinados procesos do SGC. Estes modelos transmitiranse ás CAPD nunha formación no mes de maio.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace  
O presidente